

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CASTO CALDELAS NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE CASTO CALDELAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou co concello de Casto Caldelas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día da sinatura ata o día 31/12/2021.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Casto Caldelas para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Casto Caldelas, propiedade do concello.

Segundo se detalla no informe achegado polo Concello, as obras de reforma consistirán na substitución integral da cuberta.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en facilitar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Casto Caldelas, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde do citado concello.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei

1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

